



CPR Colexio Plurilingüe Jaime Balmes

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O colexio plurilingüe Jaime Balmes (<https://www.colexiojaimebalmes.com/>) é un centro privado concertado situado na rúa Devesa do Marqués, nº 16 do lugar de A Rasa na poboación de Noia (A Coruña).

Na actualidade conta cos niveis de Infantil, Primaria e Secundaria, con: 5 unidades de Educación Infantil, 11 unidades de Educación Primaria e 8 unidades de Educación Secundaria. O ensino impártese en réxime de xornada partida. Cada grupo conta cun profesor/a titor/a e profesorado especialista. Ademais, cóntase cun profesor de Pedagogía Terapéutica, outro de Audición e Linguaxe e unha profesora de Orientación.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O colexio está situado nas aforas da vila de Noia, nunha poboación costeira duns 14000 habitantes. A só dous quilómetros do núcleo urbano en dirección este, moi preto da principal estrada que comunica Noia con Santiago de Compostela. Está rodeado de pequenos núcleos: A Rasa, Ousoño, Vilarbello, A Fialla... polo que podemos falar desta zona como unha zona semirural do núcleo urbano de Noia.

A caracterización familiar dende o punto de vista socioeconómico é de nivel medio-baixo. Gran parte destas familias traballan fóra da casa, tanto o pai como a nai, dedicándose a maior parte ao sector servizos e ao sector primario (pesca e marisqueo).

Tal e como recolle o PE do centro, o noso primeiro obxectivo é o de proporcionar ao noso alumnado unha formación plena que lle permita conformar a súa propia e esencial identidade. Como a educación non pode desligarse da sociedade, o proceso de dixitalización da ensinanza do alumnado debe contribuír a acadar ese obxectivo e ao mesmo tempo debe ser un elemento compensador das desigualdades sociais, desenvolvendo deste xeito a capacidade do alumnado para o exercicio de actividades profesionais, sen esquecer a formación en igualdade para a paz, a cooperación e a solidariedade.

No próximo curso, este Plan dixital do centro estará presente na Programación Xeral Anual co principal obxectivo de mellorar a dixitalización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e da competencia dixital dos docentes e do alumnado, ofrecendo así mesmo, unha mellor resposta e continuidade ás situacións de ensinanza non presencial.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Cunha sociedade en cambio permanente e cada vez máis dixitalizada e coa situación producida no estado de alarma a causa da Covid-19, os centros educativos deben dar resposta a esas necesidades para poder ofrecer ao noso alumnado as competencias necesarias para desenvolverse no futuro, polo que dispor dunha aula virtual de aprendizaxe e unha estratexia dixital de centro é actualmente imprescindible.

O marco legislativo no que se basea este plan dixital é o seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Segundo a normativa da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital e as pautas dadas polo CAFI e o equipo Adix da nosa zona, o centro foi realizando cada un dos pasos a seguir na elaboración do Plan Dixital:

- Formouse o equipo de dinamización do Plan Dixital composto pola directora, o coordinador TIC e outros tres profesores (dous de Primaria e dous de Secundaria).
- O coordinador exerceu como guía do proceso e colaborador no deseño e na elaboración do plan.
- Mantivéronse todas as reunións previstas no plan de formación.
- Realizouse o proceso de autoavaliación a través da ferramenta SELFIE e do test de competencia dixital docente, colaborando cos membros da comunidade educativa.
- Procedeuse a realización deste plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O colexio Jaime Balmes vén apostando pola introdución das TIC. Foi un dos primeiros centros da bisbarra de dispor dun aula de informática para uso dos diferentes cursos e para a actividade extraescolar de Informática, despertando no noso alumnado o interese por esa tecnoloxía que pouco a pouco ía introducíndose na sociedade e percibindo, dende o centro, a grande importancia das TIC na aprendizaxe de alumnos con necesidades educativas especiais.

O centro entrou no programa Abalar dende o curso 2010-2011 e a partir de aí en anos sucesivos realizáronse diferentes cursos de formación para o profesorado de todas as etapas educativas.

Instalacións, dotación e recursos actuais:

- Conexión a internet e Wifi en todo o centro.
- Plataforma educativa Alexia de información e comunicación entre a comunidade educativa.
- Aula virtual de Google Workspace for Education.
- Aula de informática dotada de vinte ordenadores con conexión a internet, impresora e proxector.
- Pizarra dixital e ordenador en todas as aulas do centro.
- Biblioteca con proxector móbil e pantalla de proxección.
- Aula móbil con tres ordenadores e catro táblets.
- Sala de audiovisuais con pizarra dixital, ordenador portátil e proxector, aparato de transparencias, proxectores de filminas, televisión, DVD e vídeo.
- Cada despacho do equipo directivo e a sala do profesorado conta con ordenador e impresora con escáner.
- O despacho do departamento de Orientación ten un ordenador portátil.
- En Secundaria hai catro aulas Abalar en 1º e 2º curso (PDI, proxector, ordenador do profesor e miniportátil para cada alumno).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS	
		PRIMARIA	SECUNDARIA
A -Liderado	Equipo directivo	3,3	3,1
	Profesorado	3,8	3,9
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo directivo	3	3
	Profesorado	3,6	3,5
	Alumnado	3,9	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo directivo	3,7	3,4
	Profesorado	4,2	3,9
	Alumnado	4	3,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo directivo.	3,3	3,2
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo directivo	3,8	3,9
	Profesorado	4	4,1
	Alumnado		4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo directivo.	3,1	2,9
	Profesorado	3,8	3,6
	Alumnado	3,7	3,3
G- Prácticas de avaliación	Equipo directivo	2,1	2,3
	Profesorado	3,7	3,1
	Alumnado		2,8
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo directivo	3,6	3,4
	Profesorado	3,8	3,7
	Alumnado	3,9	3,2

Test CDD

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	34	37	91,9%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	0	1	0%
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
67,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	43,5	Explorador (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIM	66,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ESO	76,4	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
ENR	56,5	Explorador (A2)	75,4	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	16	47,1%
B1	15	44,1%
B2	3	8,8%
C1		
C2	1	2,9%
TOTAL	35	102,9%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
C A T E G O R Í A S	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu uso na ensinanza.</p> <p>No noso centro facilítase acceso a Internet para a ensinanza e a aprendizaxe.</p> <p>O noso centro dispón de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>No noso centro existen sistemas de protección de datos.</p> <p>No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode utilizar cando os necesita.</p>	<p>No noso centro non hai dispositivos portátiles xestionados e propiedade do centro que os alumnos poden levar a casa cando sexa necesario.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>No noso centro apoíase o profesorado para que explore novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado do centro busca recursos dixitais en Internet.</p> <p>O profesorado do centro utiliza recursos dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p>	<p>O noso profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares usando tecnoloxías dixitais.</p> <p>O noso profesorado usa tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe.</p> <p>O noso profesorado usa tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións constructivas sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>Nivel baixo de competencia dixital na etapa de infantil.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<p>No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el, e que o alumnado pode usar cando os necesita.</p> <p>O alumnado pode facer o seguimento das tarefas a través da aula virtual do centro.</p>	<p>No noso centro non hai dispositivos portátiles administrados e propiedade do centro que os alumnos poidan levar a casa cando sexa necesario.</p> <p>No noso centro o alumnado non aprende a programar ou codificar.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA	<p>O profesorado conta co apoio do equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p>	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>O Equipo directivo involucra ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.</p> <p>O noso centro dispón de asistencia técnica cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>O centro difunde información de interese e facilita o seguimento da actividade académica do alumnado a través de servizos dixitais.</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>Achegas económicas que recibe o centro.</p> <p>Condições discriminatorias para o acceso a actividades formativas.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>No noso centro existen sistemas de protección de datos.</p>	
	CONTORNA		
	ANPA	<p>Boa relación coa ANPA.</p>	<p>No noso centro o alumnado non aprende a programar ou codificar.</p>
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo da análise de resultados do DAFO e examinando as debilidades e fortalezas decidiuse abordar cada unha das debilidades como prioritarias de cara o próximo curso, tentando mellorar nesas áreas elaborando as táboas con obxectivos realistas para poder analizar os valores previstos e, chegado o momento, realizar o seguinte plan dixital cun punto de partida xa dende eses valores acadados.

Estes obxectivos realizáronse de común acordo entre todos os membros do plan dixital que integran profesionais de cada un dos niveles educativos do centro e que están implicados en todas as áreas relacionadas coas debilidades e fortalezas analizadas no DAFO.

Por cada un deses obxectivos cumpríntose unha táboa localizada neste mesmo documento e que analiza temporalización e recursos así como todas as accións necesarias para alcanzalos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En base as indicacións e configuracións técnicas indicadas por AMTEGA segundo o Decreto 11/2016, de 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións na Administración de Galicia detectáanse as seguintes necesidades no centro:

- Infraestrutura dixital:
 - Dotación de conexións cableadas na aula de informática do centro, actualmente funcionando a través de tecnoloxía WiFi e necesaria para a estabilidade da conexión de fibra actualmente instalada no centro, tanto no edificio de primaria como no edificio de secundaria.
 - Actualización dos puntos de acceso WiFi tanto no edificio de primaria como no de secundaria, actualmente funcionando con puntos de acceso (APs) cun límite de conexións e cun límite de velocidade cercano os 50 Mbps dos 500 que ten a liña de fibra xa instalada no centro.
- Equipamento:
 - Dotación de 2 terminais de consulta para a biblioteca do centro, tanto para consultas de información como para consulta de catálogo de libros do centro.
 - Adquisición de dispositivos ultraportátiles para completar a aula móbil que actualmente consta de 3 ultraportátiles.
 - Adquisición de dispositivos para renovar a aula de informática que actualmente consta de 20 dispositivos dos cales 10 teñen máis de 12 anos e son utilizados por todos os niveis educativos do centro.
- Servizos dixitais educativos:
 - Implementación dun sistema de inventario e consulta para os exemplares da biblioteca do centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: A. Liderado. A1. No noso centro contamos cunha estratexia dixital						
OBXECTIVO 1:	Fomentar dende a dirección unha maior participación do profesorado na execución da estratexia dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Director/a do centro.				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado que participa nas accións a desenvolver no plan dixital.					
Valor de partida	O 20% do profesorado participa na execución da estratexia dixital.					
Valor previsto e data	O 80% do profesorado participa na execución da estratexia dixital.			30 de maio.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Creación dun equipo de coordinación dixital para a implementación do plan.	Director/a do centro.	Primeira quincena de setembro	Convocatoria Persoa responsable da dirección		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Realización dunha reunión do claustro para dar a coñecer os obxectivos do plan dixital do curso 22-23	Director/a do centro. Coordinador do equipo dixital	Primeira quincena de setembro	Espazo para a reunión Persoa coordinadora do equipo dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Revisión dos documentos de centro para realizar una valoración sobre o papel das TIC nos mesmos.	Director/a do centro. Coordinadores de ciclo/departamento	Setembro	Dispoñibilidade horaria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Promover grupos de traballo entre o profesorado de cada etapa para facilitar a coordinación.	Director/a do centro. Coordinadores de ciclo/departamento	Ao longo do curso	Dispoñibilidade horaria AV Google Suite		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Realización dunha reunión trimestral para a valoración do plan.	Director/a do centro. Equipo do P D	Ao longo do curso	Convocatoria Director/a e Equipo do P D		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: B.Colaboración e redes. B1. Acreditar unha competencia dixital dentro do claustro							
OBXECTIVO 2	Proposta de formación para a mellora da competencia dixital docente.					Acadado	
RESPONSABLE	Director/a do centro. Equipo coordinador do Plan dixital					Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Nivel do profesorado.						
Valor de partida	Nivel do profesorado baseado no Test CDD do curso 21-22.						
Valor previsto e data	Nivel do profesorado no test CDD ao rematar o curso académico 22-23.				Maio 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A02.1: Reunión inicial do claustro e Dirección para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente.	Director/a do centro.	Primeira semana de Setembro.	Espazo para a reunión.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.2: Realización dunha enquisa entre o claustro para a selección da formación que máis se necesita.	Persoa Coordinadora do Plan Dixital.	Setembro.	Formularios de Google.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.3: Selección e solicitude do curso de formación no centro axeitado ás necesidades do profesorado.	Director/a do centro. Equipo coordinador do P D.	Setembro.	Formación Online		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.4: Contacto co CFR no caso de precisar colaboración/axuda.	Equipo coordinador do Plan Dixital.	Durante todo o curso.	Directorio do CFR.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.5: Realización do curso e valoración final deste ao seu remate co fin de plantexar melloras para o vindeiro curso.	Coordinador do curso. Equipo coordinador do Plan dixital.	Ao remate da formación.	Materiais funxibles. Relatores. Aplicacións, webs...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A02.6: Realización do Test CDD para comprobar se houbo mellora na CD do	Claustro. Director/a do centro.	Maio.	FProfe e Test CDD.		Realizada		
					Aprazada		

profesorado tras a formación	Equipo do P D.				Pendente
------------------------------	----------------	--	--	--	----------

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e Recursos. E2. Creación de recursos dixitais

OBXECTIVO 3	Aumentar a creación de contidos dixitais para reforzar o método de ensinanza.	Acadado
RESPONSABLE	Coordinador TIC/Google Suite.	Non acadado
INDICADOR DO OBXECTIVO	Cantidade de recursos dixitais realizados e/ou compartidos no drive.	
Valor de partida	10% de contidos compartidos	
Valor previsto e data	80% de contidos compartidos	Maio 2023

ACCIONES A DESENVOLVER

DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Creación dun banco de recursos dixitais no drive de uso colaborativo por departamentos e equipos de ciclo.	Coordinador/a de departamento/ciclo	Setembro 2022	AV Google Suite.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Colaboración co profesorado que necesite axuda na creación de recursos propios.	Coordinador/a TIC e /ou Google Suite.	Ao longo de todo o curso académico.	AV Google Suite.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Compartir no drive os recursos propios realizados co resto dos compañeiros.	Coordinador/a TIC e /ou Google Suite.	Ao longo de todo o curso académico.	AV Google Suite.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: Implementación na aula. F6. Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

OBXECTIVO 4	Implementar un proxecto interdisciplinar no que participe a totalidade do alumnado.	Acadado	
RESPONSABLE	Xefatura de estudos	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	N.º de aulas participantes nos proxectos interdisciplinares trimestrais.		
Valor de partida	0 aulas participan nos proxectos interdisciplinares trimestrais.		
Valor previsto e data	Todas as aulas participan nos proxectos interdisciplinares trimestrais.	Fin de curso 2022/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Acordo dos proxectos e accións a desenvolver.	Xefatura de estudos	1º quincena de setembro 2022	Reunión para a chuvia de ideas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Difusión das actividades do proxecto na Páxina Web e nas RRSS.	Persoa responsable da páxina web e RRSS.	Actualización regular.	Equipos informáticos. Web do Centro. RRSS do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Persoas titoras de aula.	Ao final de cada trimestre.	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Obtención de produtos finais TIC.	Persoas titoras de aula.	Ao final de cada trimestre.	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: G. Prácticas de avaliación. G3. Retroalimentación axeitada

OBXECTIVO 5	Empregar rúbricas para a avaliación de traballos facilitando retroalimentación axeitada ao alumnado en entorno Google Classroom.	Acadado	
RESPONSABLE	Persoa Coordinadora TIC.	Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de rúbricas base/modelo compartidas en formato dixital.		
Valor de partida	Cursos Classroom creados con alumnado matriculado neles. Non existen rúbricas base/modelo compartidas.		
Valor previsto e data	Rúbrica base/modelo consensuada e compartida en formato dixital importable en entornos Google Classroom para cada nivel educativo	2º trimestre 2023	

ACCIONES A DESENVOLVER

DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Matrícula do alumnado na AV Google Suite do centro.	Coordinador/a TIC e /ou Google Suite.	Setembro 2023	AV Google Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Creación de cursos na AV Google Classroom do centro para alumnado. P. Supervisión da mesma.	Profesorado das materias co asesoramento do coordinador/a TIC e /ou Google Suite e supervisión da X.E	Setembro 2023	AV Google Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Elaboración de rúbricas base para traballos en diferentes niveis educativos.	Docentes dos niveis educativos. Coordinadores/as de nivel.	Decembro 2023	Dispoñibilidade horaria. Rúbricas exemplo: Banco de Rúbricas do INTEF		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Incorporación das rúbricas base elaboradas coma rúbricas compartidas en Google Drive.	Docentes dos niveis educativos. Coordinadores/as de nivel.	Febreiro 2023	AV Google Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: G. Prácticas de avaliación. G5. Autorreflexión sobre a aprendizaxe

OBXECTIVO 6	Empregar actividades de coavaliación e autoavaliación para a avaliación dixital de traballos (en formato dixital ou non) do alumnado en Google Classroom.	Acadado
RESPONSABLE	Coordinador TIC/Google Suite.	Non acadado
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de actividades de coavaliación e autoavaliación realizados.	
Valor de partida	Cursos Google Classroom creados con alumnado matriculado en eles. Non se empregan actividades de coavaliación.	
Valor previsto e data	25% do profesorado emprega 1 actividade de coavaliación nos seus cursos de Google Classroom.	Curso 2022/23

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Matrícula do alumnado na AV Google Suite do centro.	Coordinador/a TIC e /ou Google Suite.	Setembro 2022	AV Google Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Creación de cursos na AV Google Classroom do centro	Profesorado das materias co asesoramento do coordinador/a TIC e /ou Google Suite e supervisión da X.E	Setembro 2022	AV Google Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Emprego de actividades para a coavaliación nos cursos Google Classroom co alumnado	Profesorado das diferentes materias co asesoramento do coordinador/a TIC e /ou Google Suite	2º e 3º trimestres 2023	AV Google Classroom.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

No contexto da avaliación do proceso, unha vez ao trimestre, realizarase unha valoración do estado de execución do plan. Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi acadado ou se é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas poidan materializarse.

Coa análise destes indicadores, elaboraráse un informe avaliativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

Os medios de difusión do plan serán os que ata a data vén empregando o Centro, a través da plataforma educativa Alexia e da aula virtual de Google Workspace, ademais das reunións de claustro e do diálogo constante coas familias, pois na medida en que sexamos capaces de concienciar ás familias da súa importancia, daremos conseguido una boa competencia dixital no alumnado e un uso responsable das TIC nos fogares.